



XEOGRAFÍA E ETNOGRAFÍA

A xeografía física da cunca do río Mero, así como das súas paraxes adxacentes, confórmase co secular proceso de humanización tradicional da paisaxe. O patrimonio etnográfico adxetivo (presas de pedra, pontes, muíños, fontes...), e as actividades tradicionais como a pesca, o tratamento de tecidos ou a actividade cerámica, conformaron historicamente un todo, misturándose harmónicamente cos diversos procesos naturais.



OS MUÍÑOS

Os muíños son unha das mostras de arquitectura popular máis abundosa no país porque están unidos a un alimento básico: o pan. No río Mero existe unha boa variedade de muíños: de rodicio e caldeira (Galiñeiros, Cambre), de bruiña (Peirao) e de marea (A Barcala). Caracterízanse por ser de gran tamaño, adoitan servir de residencia habitual, teñen máis dunha roda e poden moer durante unha boa parte do ano.



MUÍÑO DA VEIGA (BRIBES)

Pouco antes da desembocadura do río Brexa, atópase o pequeno muíño da Veiga. Tipolóxicamente pertence aos do tipo de canle e roda horizontal ou rodicio: debido ao pouco caudal dos ríos nos que se ubican, estes muíños erixíanse fóra do cauce do río, nun lugar máis elevado. Adoitaban posuír unha soa moa.



Ponte de Cela na década de 1910 e hoxe en día

AS TELLEIRAS (Ponte Noceiro)

Atópanse na ribeira dereita do río Mero, no lugar coñecido coa denominación de "Telleiras", nome recibido a causa das actividades de aproveitamento do barro desde tempos pretéritos, tanto para a fabricación de tellas como de ladrillos. Nos anos 20, 30 e 40 do século XX chegou a haber en funcionamento tres telleiras. Das primitivas construcións só se conserva hoxe en día o forno de sifón da chamada "Telleira de Prego". Un pouco antes, ao outro lado do Camiño Real, pódense albiscaar os espazos asolagados, lamacentos e perfectamente delimitados de onde se extraía o barro.



MUÍÑOS DA BARCALA

Datados no século XVI, emprázanse no esteiro do río Mero, case na mesma desembocadura. A infraestrutura exterior constaba dunha presa con varias comportas así como o edificio do muíño ou acea, con vivenda engadida. Para que entrase a auga na presa ao subir a marea, os seus muros levaban aberturas con comportas de entrada. Outras comportas, de saída da auga acumulada na presa, conducían a cara aos mecanismos de rotación do muíño, que funcionaba de maneira semellante aos restantes muíños de río. Debido ao número de pezas de moer (doce rodas) estamos sen dúbida diante da Acea de marea máis grande documentada en Galicia.



Muíño da Barcala, década de 1920

O RÍO MERO: A NATUREZA HUMANIZADA

MUÍÑO DOS GALIÑEIROS (CECEBRE)

Trátase dun muíño de rodicio horizontal e caldeira: unha gran presa vai desde o muíño ata a ribeira contraria, para almacenar a maior cantidade posible de auga para mover o rodicio. A partir dos primeiros decenios do século XX instalouse no mesmo lugar un aserradoiro hidráulico.



MUÍÑO DE PEIRAO (BRIBES)

Exemplar de muíño de acea ou roda vertical (bruiña). Os muíños de bruiña reciben a auga almacenada na presa desde arriba: cae desde o alto e incide nas aletas da bruiña poñéndoa en movemento. Dúas rodas dentadas, catalina e farol, permiten o movemento circular da moa.



OS MUÍÑOS DE CAMBRE

A súa orixe retrotráese aos ss. XIII-XIV, cando pertencía aos monxes bieitos do mosteiro de Santa María de Cambre. Trátase dun muíño do tipo de dorna ou caldeira, característico dos grandes ríos. Emprázase dentro da corrente principal e non ten inferno, posto que os rodicios sitúanse nunha gran cámara cilíndrica chamada caldeira. A auga do río procede da presa que vai a unha lovada moi ancha: entra por unha canle que se vai estreitando ata formar unhas bocas moi cativas que reparten a auga entre as caldeiras.



Muíños de Cambre hoxe en día e no ano 1918

TRAÍDA DE AUGAS (SIGRÁS)



O PARAUGAS E A PONTE MEDIEVAL DO BURGO-TEMPLE



PASEO FLUVIAL DO RÍO MERO

NATUREZA, HISTORIA E ETNOGRAFÍA



Horario de visitas do Xacemento romano de Cambre / Oficina de turismo
Martes a venres, mañás de 11:00 a 14:00 h e tardes de 17:00 a 20:00 h. / sábados e domingos de 11:00 a 14:00 h
www.cambre.org / e-mail: museo@cambre.org. Tf. 981 656217



O río Mero e os seus afluentes conforman o eixo vertebrador da orografía de Cambre. Percorre arredor de 10 quilómetros do seu termo municipal, e debuxa un amplo val que divide o concello en dúas metades. O Encoro de Cecebre, o río e a Fraga constitúen un ecosistema de gran valor medioambiental, posibilitando unha variada vexetación de ribeira, cunha ampla densidade de árbores, plantas, fentos e arbustos. Esta biodiversidade permite a eclosión de moitas especies animais como aves, mamíferos, anfibios, réptiles ou peixes.

O RÍO MERO

Por todo iso é necesaria a conservación e custodia do río. Ademais de amosarnos aqueles valores naturais e tradicionais, todos os habitantes da bisbarra usamos a súa auga para beber, asearnos e outros usos domésticos e industriais. O Paseo Peonil ou Fluvial debe servir de acicate para conservar, preservar e custodiar eses valores que se veñen mantendo desde tempos inmemoriais.




A FLORA E A FAUNA DO RÍO MERO

No río Mero, na Fraga e no Encoro de Cecebre aparecen os principais valores naturais e ambientais do Concello de Cambre, todos eles vencellados ao bosque de ribeira. En canto á flora, a carballreira ou fraga orixinal está moi diminuída, pero no seu lugar xurdiu o bosque de ameneiros, freixos, rubideiros, acivros ou carballos. Nas ribeiras abundan os lirios, xuncos, espadanas, nenúfares e ata os carrizos. A fauna amosa unha boa variedade de aves como o reiseñor, a lavandeira, o martiño peixeiro, a garza, o peto, a bubela...




A NATUREZA

É de destacar o papel do encoro de Cecebre, cunha gran diversidade de aves acuáticas invernantes. Hai que subliñar a presenza cada vez máis grande de mamíferos como o rato de campo, o furafollos, o ourizo, o raposo, o teixo, a londra, a xeneta ou o esquío. O número de anfibios e réptiles non é tan grande: entre os primeiros destaca o sapo común ou o pintafontes; entre os segundos, o escáncer, o lagarto, a lagartixa ou o tritón, como os representantes máis destacados.



A FLORA DO RÍO MERO

ÁRBORES



O QUE XA NON PODEMOS VER

